

## CAMPO DE DEPORTES DE CORRÁS

Correspondencia 1985

- 1) Escrito do bispado pedindo informe escrito.
- 2) Informe ao bispado.
- 3) Convocatoria á freguesía.
- 4) Autorización do bispado para a compra.

### 1).-ESCRITO DO BISPADO PEDINDO INFORME ESCRITO.

Obispado de Mondoñedo-Ferrol

21 de outubro de 1985

Sr. D. Ramón Díaz Raña

San Sadurniño

Amigo Ramón: Con vistas a su planteamiento en el Consejo de Asuntos Económicos, te agradeceré me remitas en forma de informe, con tu firma, la nota confeccionada por ti y que te adjunto. Interesa saber si existe escritura de aceptación de la donación de la Duquesa, pues ya sabes que toda donación es nula, si no es aceptada.

A la espera de tus noticias, te saluda con afecto

Antonio Bouza - Ecónomo Diocesano

### 2).-INFORME AO BISPADO SOBRE O CAMPO DE FÚTBOL

- A) *Situación actual.* – O campo foi doado á Parroquia pola Duquesa de San Sadurniño no 1947, como consta na escritura pública que se adxunta. A mesma Duquesa costeou os gastos para a construción da caseta e saneamento do campo. Cando eu cheguei o campo estaba abandonado (no que ao coidado se refire) e a caseta caída. Amañámolo un pouco e fixemos unha nova caseta, aínda non ben rematada. Hoxe volve a estar bastante deteriorado.
- B) *Cuestión actual.* A fábrica de conservas que se vai instalar en San Sadurniño colocaráse mesmo ao lado do campo. Xa están as fincas mercadas. Os donos da fábrica propoñen comprar tamén os terreos que pertencen ao campo de fútbol, pois din que queren situar a instalación de tal xeito que no futuro podan ampliar ou incluso facer aquí os materiais de embalaxe. Por outro lado, o campo quedaría cada vez máis asulagado, problema que tivo sempre ao seren terreos pantanosos.
- C) *Posible cambio.* Dado esta situación, fixemos xestions (eu xunto con algúns homes da parroquia) para ver se se poderían mercar outros terreos

nos que facer outro campo de fútbol. Temos falado con case todos os propietarios e a cousa está practicamente apalabrada.

D) *Reunión parroquial.* Fixen unha convocatoria á xente da parroquia para explicarlles estes negociados e ver a súa opinión. Houbo reunión o día 27 do mes pasado. Nela viuse ben o cambio de ubicación do campo e acordouse falar co Notario e co Bispado para dicidir o que sería mellor con relación a quen debería ser o propietario dos novos terreos. A xente ten conciencia de que “o campo é deles”. Escóitase constantemente: “deixóunolo a Sra. Duquesa para campo de fútbol. E certamente así consta na mesma escritura. Este é un deses casos en que a Igrexa figura como propietaria de bens que moralmente non son dela, e que máis ben son unha carga.

Na reunión a xente inclinouse a que figure como titular dos novos terreos o axuntamento xa que ten máis medios para cuidar o posible complexo deportivo, e ademais hoxe as axudas económicas van encamiñadas polos organismos oficiais. De todas as maneiras a xente dicía que era ben falar co Notario para tratar de poñer algunhas cláusulas coas que os do axuntamento tiveran as mans atadas.

Fomos falar co Notario o día 30. En resume dixo: vender o campo, comprar a Igrexa por medio de documento privado os novos terreos, e despois (se se chega a ese acordo) que a Igrexa faga donación ao axuntamento coas cláusulas que mellor parezan a todos.

Persoalmente penso que isto será o mellor.

San Sadurniño, 31 de outubro de 1985

### **3.-CONVOCATORIA Á FREGUESÍA**

Amigos:

Por estas liñas convócovos a unha reunión que se celebrará na adro da igrexa o próximo domingo (27-setembro-85), ás trece horas, para tratar destes dous asuntos:

A) *Primeira cuestión:*

1.- Os que van instalar a fábrica de conservas en San Sadurniño queren comprar tamén o campo de fútbol; é coa idea dunha posible ampliación o día de mañá.

2.- Sabedes que o terreo do campo foi doado pola Duquesa para campo de fútbol da xuventude da parroquia. Firmou a escritura o Párroco, D. José María Gavín, aceptando a doazón.

3.- Demos pasos para comprar terreos en Corrás para un novo campo de fútbol. Xa falamos coa propietarios e está apalabrada a compra.

B) *Segunda cuestión.*

Se parece ben esta proposta, a segunda cuestión sería ver a nome de quen se inscribiría a propiedade do novo campo. Podería facerse:

- a) a nome da Igrexa, como está agora
- b) a nome do Axuntamento
- c) a nome da Asociación de Veciños
- d) a nome dunha sociedade deportiva que habería que crear.

Se non ves a reunión, entendemos que deixas as cousas nas nosas mans.

Firmado: O Párroco

#### **4.-AUTORIZACIÓN DO BISPADO PARA A COMPRA**

Autorizamos al Rvdo., D. Ramón Díaz Raña, Párroco de San Saturnino (Coruña), para que pueda comprar a nombre de la mencionada Parroquia de San Saturnino los terrenos convenientes para la instalación de un campo de deportes, que sustituya al que en su día fue donado por la Sra. Duquesa de la Conquista en el lugar denominado de la Veiga, y que fué vendido a la Sociedad “Conservas el Cisne,S.A.” el día 2 de l cte.

Para la compra de los terrenos que interesen a este fin se entrega a D.Ramón Díaz Raña la cantidad de 942.500 pts., precio total en que fue vendido el terreno destinado anteriormente a Campo de deportes en el lugar de Veiga.

Mondoñedo, a 3 de diciembre de 1985.

El Administrador Diocesano: Eugenio García Amor

Ante mí: Cruz Saborit